



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa a rexeitar a cadea perpetúa.

Exposición de motivos

Viva o Estado penal! Votan os integrantes do PP nunha expresión correlativa co proceso de demolición do Estado social que están a executar. Ignorando as indicacións que recollen os informes do Consello Xeral do Poder Xudicial e as do Consello Fiscal e as manifestacións dun representativo conxunto de catedráticos de dereito constitucional, o goberno do PP –coa ambigua complicidade do seu socio bipartidista na lexislación ad hoc antiterrorista – tramita a aprobación dunha contrarreforma do código penal que contempla entre outras medidas reaccionarias a denominada prisión permanente revisada, ou dito en román paladino, a cadea perpetua, así como outras imposicións atinxentes á orde nas vías públicas para dificultar o dereito de manifestación.

Contrarreforma que contradí os artigos 21 e o 15 e 25.2 da Constitución, que afirman o dereito de reunión e prohíbe as penas e tratos inhumanos e degradantes, así como afirman que as penas estarán orientadas á reeducación e reinserción social.

Contrarreforma que vulnera a carta de dereitos da UE que sinala no seu artigo 49 que non se poderá impoñer unha pena máis grave que a aplicable no intre de ser cometida a infracción.

Contrarreforma que lesiona os dereitos que recolle a devandita carta europea, que no seu artigo 12 consagra o dereito de toda persoa á liberdade de reunión pacífica e á

liberdade de asociación en todos os niveis, en especial nos eidos político, sindical e cívico.

Contrarreforma feita cunha enorme pobreza técnica e o uso de termos ambiguos na súa redacción, a renuncia a tradición xurídica propia, nun exercicio de hibris que se nutre das fontes reaccionarias e autoritarias do século XX en materia penal, coa postmoderna privatización de numerosas privatizacións que nos van custar caras á cidadanía e cunha agravación xeralizada da penas, que ten o seu paradigma nesta modalidade de cadea perpetua.

Esta contrarreforma do código penal é congruente coa privatización de crecentes sectores de seguridade, comezando polas prisións e a redución das plantillas públicas dos corpos e forzas de seguridade do Estado; coherencia que se estende ao proxecto de lei da in-seguridade cidadá tamén en curso.

Contrarreforma tramitada en fraude de lei porque o texto remitido ao CXPX e á Fiscalía Xeral do Estado non é o que logo se tramita no Congreso con materias non ditaminadas previamente por eses órganos.

Nestas accións lexislativas o PP desvela a súa filiación respecto os expedientes de fascismo social tan en boga ao abeiro da violencia neoliberal. Tan é así, que a Comisión Europea tivo que abrir un expediente de infracción ao reino de España polo incumprimento da directiva 2012/13/UE, que refire os dereitos das persoas acusadas co fin de garantir o dereito a un xuízo xusto nos procesos penais.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na comisión I:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que requira do goberno do Estado a supresión da chamada prisión permanente revisable.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que retire o proxecto de lei de contrarreforma do código penal.

En Compostela, a 11 de febreiro do 2015, aniversario da proclamación da I República.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2015 14:58:07